

BASES DO SORTEO APERTURA DO XEOCÁMPING MONTAÑAS DO COUREL

1/ ENTIDADE ORGANIZADORA

O sorteo é organizado por **Aventeira S. Coop. Galega**, entidade responsable da xestión do **Xeocámping Montañas do Courel**, con domicilio social en Galicia.

2/ OBXECTO DO SORTEO

O obxecto do presente sorteo é promover e dar a coñecer o perfil oficial de Instagram do Xeocámping Montañas do Courel (**@xeocamping**).

O premio consiste nunha **estancia de dúas (2) noites nun bungaló para un máximo de catro (4) persoas** no Xeocámping Montañas do Courel.

3/ DATAS DE PARTICIPACIÓN

- O sorteo comeza o **10 de setembro de 2025**.
- A data límite para participar será o **24 de setembro de 2025 ás 23:59h**.
- A persoa gañadora darase a coñecer o **29 de setembro de 2025** a través do perfil de Instagram **@xeocamping**.

4/ REQUISITOS PARA PARTICIPAR

As persoas participantes deberán:

- Seguir a conta oficial de Instagram **@xeocamping**.
- Dar "me gusta" á publicación do sorteo.
- Compartir a publicación nas súas stories mencionando a **@xeocamping**.
 - No caso de ter un perfil privado, deberán enviar un pantallazo por mensaxe directa (DM) para validar a participación.

Só se contabilizarán as participacións que cumpran todos os requisitos.

5/ CONDICIÓN DO PREMIO

- O premio consiste nunha estancia de dúas noites nun bungaló para un máximo de catro persoas.
- Non inclúe transporte ata o Xeocámping nin ningún outro servizo ou gasto adicional.
- A data da estancia deberá ser acordada coa entidade organizadora (Aventeira S. Coop. Galega) en función da dispoñibilidade dos bungalós, a tempada de apertura do establecemento e demais condicións de uso do aloxamento.
- O premio non é acumulable, nin canxeable por diñeiro nin transferible a terceiros.



BASES DO SORTEO APERTURA DO XEOCÁMPING MONTAÑAS DO COUREL

6/ SELECCIÓN DA PERSOA GAÑADORA

- A persoa gañadora **será elixida de forma aleatoria** entre todas as participacións válidas.
- Contactarase con ela a través dunha mensaxe privada en Instagram. Se no **prazo de 72 horas** non se recibe resposta, procederá a elixirse outra persoa gañadora.

7/ PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos facilitados polas persoas participantes empregaranse unicamente para a xestión deste sorteo. En ningún caso serán cedidos a terceiros nin utilizados con fins comerciais alleos ao mesmo.

8/ RESPONSABILIDADE

Aventeira S. Coop. Galega resérvase o dereito a:

- Excluir participacións fraudulentas ou que incumpran as presentes bases.
- Modificar ou cancelar o sorteo por causas de forza maior ou circunstancias alleas á súa vontade.

9/ ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no sorteo implica a aceptación plena e sen reservas das presentes bases.